

**REGULAMENTO: X CROSS DE SANTISO
22 DE OUTUBRO
EN VISANTOÑA**



Ø Concello de Santiso organiza o sábado día 22 de outubro do 2022 o **X Cross de Santiso** en colaboración con asociacións e clubs da comarca. A continuación detallamos o regulamento da proba.

REGULAMENTO:

1- A saída e chegada serán no campo da festa de Visantoña (Santiso).

2- Ø percorrido será maioritariamente por pistas de terra e bo firme cruzando en diferentes ocasións por pistas de asfalto cortadas ao tráfico.

3- A competición será cronometrada pola empresa Championchipnorte quen se encargara de dirección de carreira e resultados. Todos os/as atletas deberán levar un chip electrónico que lle proporcionara a organización.

4- Contaremos con avituallamento líquido no percorrido e líquido e sólido na meta.

5- Øs/as participantes deberán recoller a "bolsa do corredor" para poder participar na proba.

A entrega da "bolsa" será o día da proba no no Bar Mesón Visantoña (Seoane-Visantoña) **dende ás 12.00 da maña ata media hora antes do inicio de cada unha das categorías.**

* A oficina permanente da proba estará ubicada no Campo da festa de Visantoña(no caso de choiva dentro do pavillón).

* Para recoller a bolsa doutro participante será imprescindible acudir coa fotocopia do DNI deste.

**REGULAMENTO: X CROSS DE SANTISO
22 DE OUTUBRO
EN VISANTOÑA**



6- A inscrición na proba farase a través da web www.championchipnorte.com **antes do día 18 de outubro**, requisito **imprescindible para participar na proba sexa cal sexa a categoría**.

- Para os participantes das categorías de PEQUES, PREBENXAMÍN, BENXAMÍN, ALEVÍN, INFANTIL, CADETE E PROMESA a inscrición será de **3€ hasta a data límite de inscrición**.
- As categorías de adultos (sénior, veteranos e corredor local), a inscrición tera un custo de **10€ si se realiza antes do 12** de outubro e de 15 € ata a data límite de inscrición.

Os atletas que participen na categoría de corredor/corredora local deberán indicalo marcando a casilla correspondente no momento da inscrición.

7- Categorias:

As categorías fíxanse en función da idade dos participantes no día da proba.

- PEQUES-sub 4.....: atletas nados no 2018 e posterior (4 anos)
- PREBENXAMÍN-sub 8.....: atletas nados no 2015, 2016 e 2017 (5,6 e 7 anos)
- BENXAMÍN-sub 10.....: atletas nados nos anos 2013 e 2014 (8 e 9 anos)
- ALEVÍN-sub 12.....: atletas nados nos anos 2011 e 2012 (10 e 11 anos)
- INFANTIL-sub 14.....: atletas nados nos anos 2009 e 2010 (12 e 13 anos)
- CADETE-sub 16.....: atletas nados nos anos 2007 e 2008 (14 e 15 anos)
- PROMESA-sub 18.....: atletas nados nos anos 2005 e 2006 (16 e 17 anos)
- SÉNIOR.....: atletas nados entre 2004 ata 1987 (de 18 a 35 anos)
- VETERANO A.....: atletas nados entre 1986 e 1972 (entre 36 e 50 anos)
- VETERANO B.....: atletas nados entre 1971 e 1957 (entre 51 e 65 anos)
- VETERANO C.....: atletas nados no 1956 e anteriores (máis de 66 anos)
- CORREDOR LOCAL.....: atletas empadroados na Terra de Abeancos (concellos de Toques, Melide e Santiso)

**REGULAMENTO: X CROSS DE SANTISO
22 DE OUTUBRO
EN VISANTOÑA**



8- Distancias e horarios:

As distancias son aproximadas.

- PEQUES.....: 75 M., non competitiva.
- PREBENXAMÍN.....: 130 M., non competitiva.
- BENXAMÍN E ALEVÍN.....: 600 M.
- INFANTIL E CADETE.....: 1065 M.
- PROMESA.....: 2120 M.
- RESTO CATEGORÍAS.....: 14k.

Os horarios establecidos son os seguintes:

- PEQUES.....: 15.45 H. (acompañados dun adulto)
- PREBENXAMÍN.....: 15.50 H.
- BENXAMÍN e ALEVÍN.....: 16.00 H.
- INFANTIL e CADETE.....: 16.15 H.
- PROMESA.....: 16.30 H.
- RESTO CATEGORÍAS.....: 17.00 H.

9- Premios e trofeos:

a- A entrega de trofeos das categorías, peques, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e promesa será ás **17.05 h.**

b- A entrega de trofeos do resto de categorías sera ás **19.30h.**

O pódium estará ubicado no campo da festa de Visantoña (no caso de choiva dentro do pavillon de deportes) da seguinte maneira:

-Agasallo para todos e todas as atletas nas categorías de PEQUES, PREBENXAMÍN na chagada dos/as participantes a meta.

-Trofeo para os 5 primeiros clasificados no resto das categorías establecidas (homes e mulleres).

-Xeral, levaran trofeo os/as 5 primeiros/as clasificados.

-Agasallo especial para o club con máis atletas inscritos. Este agasallo enviarase a dirección do club que figure no rexistro da Xunta de Galicia, días despois da proba.

* Os trofeos non seran acumulables.

* No caso dos/as corredoras locais comprobarase o padrón do concello correspondente.

**REGULAMENTO: X CROSS DE SANTISO
22 DE OUTUBRO
EN VISANTOÑA**



10- O tempo máximo para completar a proba de 14k é de unha hora e cuarenta e cinco minutos. Unha vez transcorrido este tempo dende que tivo lugar a saída, procederáse a retirarlle o dorsal a aqueles atletas que aínda poidan estar correndo a proba e continuarán pola súa conta sen ter a garantida a atención por parte da organización.

11- As reclamacións faranse ao director da proba non máis tarde de 30 minutos tras a publicación dos resultados.

12- A proba conta cos servizos médicos reglamentarios así coma duchas e aparcamento para os vehículos dos/das participantes.

13- Cada corredor acepta as normas da proba polo mero feito de inscribirse e tamén participa baixo a súa enteira responsabilidade, afirma ter un nivel de condición física suficiente para afrontar a proba e que pasou os pertinentes recoñecementos de saúde. A organización e empresas colaboradoras non se fan responsables de calquera lesión ou padecemento por imprudencia, negligencia ou falla de forma física do participante. O participante exime de toda responsabilidade a organización que puidera derivar da súa participación no evento (pérdida de obxectos persoais, roubo, lesión, atropellos, agresións...)

14- No referente á Lei Órganica de Protección de Datos: Tódolos corredores inscritos no evento aceptan a publicación do seu nome e posibles imaxes nas clasificacións, medios de comunicación e internet (páxina web do evento, de empresas colaboradoras, foros deportivos, etc...